

COMISIÓN INFORMATIVA DE COOPERACIÓN, INFRAESTRUTURAS E MEDIO RURAL

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **18 de outubro de 2023**

Ás 18.00 horas do día 18 de outubro de 2023, reúnese a Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural, en sesión ordinaria, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. Luís Menor Pérez

Deputados/as do Grupo Popular:

D. José María Lago Cabo

D.^a Marta Nóvoa Iglesias

D.^a Patricia Torres Madureira

D. Xosé Miguel Pérez Blecua

D. Manuel Seoane Rodríguez

Deputados/as do Grupo Socialista:

D. Álvaro Vila Araújo

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D. Aurenitno Alonso Araújo

D.^a Marina Vaz Quintillán

Deputados de Democracia Ourensana:

D. Armando Ojea Bouzo

D. Gonzalo Pérez Jácome

Deputados/as do BNG:

D.^a María José Mangana Guede

D. Bernardo Varela López

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes Fuentes

Interventor: D. Alberto Fernández Varela

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á DO DÍA 20 DE SETEMBRO DE 2023.-

A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 20 de setembro de 2023.

Non se producen intervencións e, por unanimidade, a comisión adopta o seguinte acordo:
Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural do día 20 de setembro de 2023, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS DO SERVIZO INTERMUNICIPAL DELEGADO DE RECOLLIDA, TRATAMENTO E ELIMINACIÓN DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS E DOS PUNTOS LIMPOS DA PROVINCIA DE OURENSE

D. José María Lago Cabo, do Grupo Popular, explica o contido do expediente.

D. Armando Ojea Bouso, de DO, indica que votarán a favor da proposta.

D. Bernardo Varela López, do BNG, entende que se trata dunha ordenanza que contén algunhas taxas que non son demasiado elevadas. Lembra que se trata dun servizo moi importante e que debe ter un financiamento adecuado para poder ser prestado en boas condicións. En relación co servizo provincial de recollida de residuos e os servizos municipais nos casos en que non son delegados na Deputación, lembra as obrigacións impostas pola nova Lei de residuos que entrou en vigor a principios de ano e a importancia da separación. É por isto que volve insistir en que ademais das campañas de concienciación sexa a Deputación Provincial a que lidere a reclamación dun servizo de vixilancia medio ambiental.

D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, indica que, en principio, está a favor da proposta formulada, se ben sinala que estiveron en conversacións coa Área de Medio Ambiente para poder modificar algunha incongruencia nas tarifas dos anexos, en particular a relativa aos negocios de almacéns, depósitos e venda por xunto de máis de 450 m² que teñen unha tarifa anual de 600 euros. Espera que as ditas tarifas poidan ser reducidas.

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente a modificación dos anexos I e II da vixente da Ordenanza fiscal reguladora das taxas do servizo intermunicipal delegado de recollida, tratamento e eliminación de residuos sólidos urbanos e dos puntos limpos da provincia de Ourense, quedando do seguinte xeito:

Anexo I

TARIFAS XERAIS DE VIVENDAS	
EPÍGRAFES	TARIFA
<i>Vivendas</i>	
Vivendas RURAIS (1-3 veces/semana)	60,84 €
Vivendas URBANAS (4-6 veces/semana)	76,05 €

TARIFAS DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS	
EPÍGRAFES	TARIFA
Hoteis, hostais, pensións, casas de hospedes, por cada 5 habitacións ou fracción	60,84 €
Cámpings, por cada tres parcelas de tenda o roulotte (carabana ou autocarabana), ou bungaló	60,84 €
<i>Restaurantes e similares</i>	
Restaurantes ata 100 m2	182,52 €
Restaurantes de 100- 350 m2	304,20 €
Restaurantes de mais de 350 m2	608,39 €
<i>Bares, cafeterías e similares</i>	
Bares, cafeterías e similares	182,52 €
Peñas culturais, asociacións e entidades sen ánimo de lucro	60,84 €
Salas de festas, discotecas, pubs, bingos, e bares con música	
Salas de festas e/ou celebracións e discotecas	608,39 €
Pubs e bares con música e similares	304,20 €
Bingos	182,52 €
<i>Negocios de alimentación</i>	
Tendas e autoservizos de alimentación de 0 a 100 m2	182,52 €
Supermercados e aautoservizos de alimentación de 100 a 350 m2	425,88 €
Hipermercados e autoservizos de alimentación de más de 350 m2	912,61 €
Carnicerías e pescaderías	182,52 €
Fruterías	243,35 €
Confeiterías, panaderías (fornos e despachos de pan)	182,52 €
<i>Outros Negocios de</i>	
Venda ó por menor e detalle de productos non perecedeiros de 0-100 m2	182,52 €
Venda ó por menor e detalle de productos non perecedeiros de 100-350 m2	365,04 €
Venda ó por menor e detalle de productos non perecedeiros de máis de 350 m2	608,39 €
Almacéns, depósitos e venda ó por maior de 0-200 m2	182,52 €
Almacéns, depósitos e venda ó por maior de 200-450 m2	365,04 €
Almacenes, depósitos e venta al por maior de más de 450 m2	608,39 €

TARIFAS DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS		TARIFA
EPÍGRAFES		
<i>Servizos</i>		
Ambulatorios e centros de atención médica, sen camas de hospitalización		486,72 €
Centros de atención médica, con camas de hospitalización, por cada cinco camas ou fracción		121,68 €
Centros de atención psiquiátrica con talleres e instalacións de actividades complementarias		5.171,39 €
Centros penitenciarios, por cada interno		91,26 €
Cemiterios e Igrexas e templos con cemiterios		91,26 €
Cines e teatros		121,68 €
Bancos e caixas de aforros		304,20 €
Academias privadas		182,52 €
Centros docentes sen servizo de comedor		304,20 €
Centros docentes con servizo de comedor		608,39 €
Centros docentes con servizo de comedor e internado (por cada dúas prazas ou fracción)		60,84 €
Residencias de anciáns e xeriátricos (por cada dúas prazas ou fracción)		91,26 €
Centros de día, de ata 500 m2 totais		243,35 €
Centros de día de 500 ou máis m2		425,88 €
Instalacións deportivas (excluído o servizo de bar ou cafeterías)		182,52 €
<i>Oficinas, despachos e servizos profesionais</i>		
En locais de 0-100 m2		60,84 €
En locais de 100-200 m2		182,52 €
En locais de 200-300 m2		304,20 €
En locais de máis de 350 m2		425,88 €
<i>Estacions de servizo</i>		
Gasolineira sen tenda comercial		182,52 €
Gasolineira con tenda comercial		243,35 €
Garaxes públicos (sen lavado e engraxe), por cada 25 prazas ou fracción		60,84 €
Talleres mecánicos e chapisterías ata 100 m2		182,52 €
Talleres mecánicos e chapisterías de 100-200 m2		304,20 €
Talleres mecánicos e chapisterías de mais de 200 m2		425,88 €

TARIFAS ESPECIAIS		TARIFA
EPÍGRAFES		
<i>Pequenos núcleos rurais</i>		
Tascas e pequenos negocios de venda ó por menor en núcleos de menos de 200 habitantes		60,84 €
<i>producción de lixo que excede a relación de equivalencia, ou sitas en solo urbano industrial:</i>		
Sen materia orgánica	1er contenedor (800 l)	243,35 €
	2º contenedor e sucesivos, por cada un de menos de 800 l	121,68 €
	2º contenedor e sucesivos, por cada un de 800 l	182,52 €
	2ª contenedor sucesivos, por cada un de máis de 800 l	304,20 €
Con materia orgánica	1er contenedor (800 l)	608,39 €
	2º contenedor e sucesivos, por cada un de menos de 800 l	304,20 €
	2º contenedor e sucesivos, por cada un de 800 l	486,72 €
	2ª contenedor sucesivos, por cada un de máis de 800 l	608,39 €

Anexo II

<u>Entregas en Puntos Limpos (para non abonados)</u>	
EPÍGRAFES	TARIFA
Ud. de colchóns	6,56 €
Kg de Voluminosos	0,241 €
Kg de RAEES sen clasificar non reciclables	0,241 €

2º.- De conformidade co disposto no artigo 17 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, sométese o presente acordo a información pública por prazo de trinta días hábiles, mediante anuncio inserido na sede electrónica da Deputación, no Boletín Oficial da Provincia e nun dos diarios dos de maior difusión da provincia, para a presentación de reclamacións e suxestións, que, de ser o caso, deberán ser resoltas polo Pleno. No caso de non presentarse reclamacións ou suxestións en prazo, entenderase automaticamente elevado a definitivo o acordo de aprobación inicial. Unha vez aprobada definitivamente a modificación da ordenanza, procederáse á publicación do texto íntegro resultante da dita modificación no Boletín Oficial da Provincia, para a súa entrada en vigor.

3º.- MOCIÓN CONXUNTA DE TODOS OS GRUPOS POLÍTICOS DA CORPORACIÓN SOBRE O PACTO DE PEDRE

D.ª Patricia Torres Madureira, do Grupo Popular, expón o contido da moción e reitera que esta ten o apoio dos presidentes das deputacións de Ourense e Pontevedra, así como dos alcaldes das dúas grandes cidades que une esta infraestrutura, que son Ourense e Pontevedra.

D. Armando Ojea Bouzo, de DO, sinala que esta reivindicación xorde da sensibilidade derivada do accidente do autobús que tivo lugar en Pedre no pasado Nadal e que o seu grupo se manifesta a favor desta reivindicación da Deputación.

D. Bernardo Varela López, do BNG, indica que o seu grupo está totalmente a favor da necesidade dunha mellora substancial na N-541, se ben entende que está moi lonxe a conversión desta vía nunha vía de alta capacidade, sobre todo cando aínda temos pendentes as autovías que conecten Ourense con Lugo e a Comarca de Valdeorras.

D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, indica que van apoiar esta proposta conxunta e pregunta se a alcaldesa de Forcarei se sumou a esta reivindicación.

D.ª Patricia Torres Madureira, do Grupo Popular, sinala que cando se fixo a primeira reunión, á que se invitou a todos os alcaldes e alcaldesas dos concellos polos que discorre a N-541, a de Forcarei foi a única que non asistiu. Sinala que en todo caso este pacto está aberto a que en calquera momento se poida sumar se así o decide.

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

Adherirse ás peticións que encabezan os sete concellos agrupados en torno ao Pacto de Pedre para esixir a mellora integral da estrada nacional N-541, conscientes da importancia que esta vía de comunicación ten para os veciños destes concellos, das dúas provincias e da nosa cidade.

1. Solicitarlles aos grupos políticos do Parlamento de Galicia que apoiem as iniciativas que os alcaldes están impulsando desde o Pacto de Pedre para trasladarlle ao Goberno Central a necesidade de acometer a mellora integral da seguridade viaria na estrada N-541, ao tempo que emiten unha declaración de apoio pública da necesidade de mellora.
2. Demandarlles á Xunta de Galicia e ao Goberno Central o inicio dun estudo para a creación dunha autovía Pontevedra-Carballiño, con conexión cara Lalín, que permita unha mellor vertebración viaria do interior da provincia de Pontevedra, ao tempo que crea unha alternativa eficaz á N541, viario que hoxe funciona como único trazado real para a veciñanza e traballadores.
3. Instar ao Goberno de España a que acometa, coa maior urxencia posible, a mellora integral da estrada N-541 Pontevedra-Ourense, na totalidade do seu percorrido, de tal xeito que se garanta a seguridade da vía e reduza a elevada sinistralidade que presenta.

4º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA UN ENLACE REAL E EFECTIVO ENTRE AS AUTOVÍAS A-52 E AG-31 E OS POLÍGONOS INDUSTRIAIS DA ÁREA URBANA DE OURENSE.

D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, expón o contido da moción.

D. Armando Ojea Bouzo, de DO, manifesta que reservan o voto para Pleno.

D. Bernardo Varela López, do BNG, indica que co paso dos anos quedou demostrado que a primeira fase quedou curta e que debe acometerse algún tipo de obra na infraestrutura que facilite os accesos e desconxestione o tráfico.

D.ª Marta Nóvoa Iglesias, do Grupo Popular, indica que a obra que xa se fixo da conexión actual da autovía co Polígono de San Cibrao das Viñas está planificada no Plan Sectorial de Rede Viaria de Ourense e a súa influencia como parte da ronda este de Ourense, que o

gobierno central asumiu na súa planificación e esa planificación chámase Plan de Infraestruturas, Transporte e Vivenda do Estado. Non queda ningunha dúbida de que nese plan está incluída esa vía, que conecta por outro lado a A-52 coa A-76. Son dúas autovías e polo tanto a responsabilidade é do Estado. A Xunta de Galicia fixo esta primeira parte porque solicitou fondos europeos que lle foron asignados e por iso os fixo. Polo que esa demanda non é a máis prioritaria, porque os recursos non son infinitos e agora mesmo para os empresarios o máis demandado é a estación de mercancías.

D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, sinala que se esta obra está incluída no plan de mobilidade a responsabilidade recae na Xunta de Galicia. Engade que lles resulta rechamante que o concello diga que non se trata dunha obra prioritaria e que non é unha obra reclamada polos empresarios, razón pola que lle pide á portavoz do Grupo Popular que non presente entón ningunha emenda á moción.

D.^a Marta Nóvoa Iglesias, do Grupo Popular, contesta que o que ela dixo é que esta obra non é a primeira na lista de reivindicacións nin do concello nin dos empresarios, pero isto non quere dicir que non sexa importante. Engade que está incluída no Plan sectorial de estradas como outras moitas, e indica que o seu grupo vai facer reserva de voto e valorará a posibilidade de presentar unha emenda a esta moción. Para finalizar indica que unha prioridade sen dúbida para os empresarios si que sería a construción dunha estación de mercancías por ferrocarril.

Non se producen máis intervencións e do voto favorable do Grupo Socialista (4) e a abstención do Grupo Popular (6), de DO (2), e do BNG (2), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1. Instar á Xunta de Galicia á execución completa e integral dos tramos que faltan por levar a cabo da denominada ‘ronda este A52-A76’ incluída no seu plan sectorial da rede viaria de Ourense, e denominada pola consellería ‘vía de conexión da A-52 co Polígono de San Cibrao’.
2. Instar á Xunta de Galicia á execución da parte da infraestrutura que resta por construírse con características de autovía ou vía de alta capacidade, co obxectivo de facilitar a mobilidade e mellorar a conexión entre o polígono industrial de San Cibrao e o Parque Tecnolóxico coa autovía A-52.

5º.- MOCIÓN DE URXENCIA. - Non se presentan.

6º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

O **Sr. presidente** dá resposta a preguntas formuladas na anterior comisión por parte de María Mangana do BNG, respecto á obra do Plan provincial que une Cartelle e Arnoia. Sinala que esta está executada nun 54% e coa previsión de finalizarse neste exercicio. Respecto á pregunta formulada don Marina Vaz, do Grupo Socialista, sobre a liquidación da obra do Concello de Vilardevós que ascendía a 24.000 euros, sinala que non se trata dunha liquidación, senón que se corresponde con outras actuacións alí realizadas. En todo caso sinala que ao finalizar a comisión se lle dará traslado do informe elaborado pola Área de Infraestruturas sobre estas dúas preguntas formuladas.

E, ás 18.30 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.